

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA (<http://sede.vilagarcia.gal>)
CELEBRADA O DÍA 26/12/2019**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE
D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

-DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
-D. ARGIMIRO SERÉN MERA
-DONA PAOLA MARÍA MOCHALES
-D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
-DONA SONIA OUTÓN CASAL
-D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO
-DONA LUZ MARÍA ABALO PÉREZ
-D., ÁLVARO CAROU GARCÍA
-DONA ALBA BRIONES GAMARRA
-DONA MATILDE LAYA LORENZO
-D. ALFONSO RAMÓN GONZÁLEZ GALLEGO
-D. MANUEL MÉNDEZ VARELA
-DONA ANA MARÍA GRANJA GUILLÁN
-DONA YOLANDA BÓVEDA DÍAZ
-D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO
-DONA LUCÍA CÉSAR VELOSO
-D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ
-D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

Lista de non asistentes

-D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO
-DONA MARIA DE LA O FERNANDEZ GONZÁLEZ

SECRETARIA

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 26/12/2019, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 28 de novembro de 2019.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes novembro.

3. Toma de posesión do cargo de Concelleiro por parte de D. Manuel Méndez Varela.

4. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

5. Aprobación, se procede, do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 05/REC/2019 por importe de 26.623,26 €.

6. Aprobación, se procede, da modificación dos Estatutos da Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega.

7. Aprobación, se procede, da consulta de estrutura de custes a diversas empresas do sector, sobre os servizos de recollida de lixo e limpeza viaria, do Concello De Vilagarcía De Arousa, coa finalidade de proceder á futura licitación.

8. Aprobación, se procede, da prórroga do III Plan de Igualdade do Concello de Vilagarcía de Arousa

9. Aprobación, se procede, da concesión da medalla da cidade, na categoría de Medalla de Ouro, á Empresa Arrendamientos Grupo de Empresas Rey SL (Fundiciones Rey)

10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP, en defensa da permanencia do Cuartel da Garda Civil en Vilagarcía.

11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo Grupo Político Municipal de Ciudadanos, co obxectivo de camiñar cara unha Vilagarcía Pet Friendly.

12. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

13. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

14. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

15. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polo funcionario municipal D. Alfredo Gutierrez Avecilla utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 28 DE

NOVIEMBRE DE 2019.-

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da citada acta.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21).

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=201911226&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE NOVIEMBRE DE 2019: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE NOVIEMBRE DE 2019:

Nº DESCRICIÓN

- | | |
|----|---|
| 1 | Aprobación de expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos |
| 4 | Recoñecemento de obriga |
| 1 | Rectificación de expediente de modificación orzamentaria |
| 3 | Aprobación de expediente de modificación de créditos de xeración de créditos de natureza non tributaria |
| 5 | Concesión de licenza para obras de canalización |
| 1 | Dar conformidade a proxecto de execución de obras |
| 1 | Concesión de licenza de segregación |
| 1 | Concesión de licenza para instalación de guindastre |
| 1 | Informe favorable substitución de edificación |
| 4 | Concesión de licenza para acometida e/ou conexión de auga e/ou saneamento |
| 2 | Concesión de licenza para vao permanente |
| 5 | Concesión de licenza de obra menor |
| 9 | Concesión de licenza de obra maior |
| 5 | Concesión de licenza para legalización de obras |
| 8 | Declaración de ineficacia de comunicación previa |
| 1 | Aceptación desistimento de solicitude de licenza |
| 48 | Aceptación comunicación previa e documentación para realización de obras |
| 1 | Aceptación de recepción definitiva de obras de Urbanización |
| 1 | Aprobación gasto relativo a taxa por publicación de anuncio no DOG |
| 1 | Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística |
| 1 | Desestimación alegacións e mantemento paralización de obras |
| 2 | Arquivo de expediente presentación informe ditame de seguridade |
| 1 | Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística |
| 1 | Reiterar orde de solicitude de legalización de obras |
| 15 | Desestimación de alegacións en expediente sancionador de tráfico |
| 5 | Declaración prescrición expediente sancionador de tráfico |
| 22 | Declaración sobresemento expediente sancionador de tráfico |
| 8 | Iniciación de oficio expedientes sancionadores de tráfico |
| 6 | Concesión /denegación de fraccionamento de débeda |

- 15 Orde de pago de facturas
- 1 Aprobación alta no Servizo de Axuda no Fogar
- 1 Iniciación de expediente para concesión de medalla da cidade
- 1 Aprobación de liquidacións emitidas no mes de setembro
- 1 Aprobación de liquidacións emitidas no mes de outubro
- 1 Designación Interventora Accidental
- 1 Aboamento gratificación especial por exercer as funcións de Interventora
- 1 Delegación na 1ª Tenente de Alcalde das funcións da Alcaldía
- 1 Nomeamento de funcionario interino.
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en domingo
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de gratificación por festivos
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en xornada noturna
- 1 Inclusión na nómina de novembro de diferenzas complemento específico por aplicación do pacto da Mexa Xeral de Negociación Conxunta
- 1 Nomeamento de comisión de selección Concurso específico de traslados de 4 postos de conserxe de colexios
- 1 Aprobación de gasto correspondente ás aportacións ao Plan de Pensións do mes de outubro
- 1 Avogación puntual competencias para a adxudicación do contrato de subministro elementos luminosos ornamentais
- 1 Adxudicación do contrato de subministro elementos luminosos ornamentais para festas de nadal 2019 e Santa Rita e San Roque 2020
- 3 Orde representación e defensa dos intereses do Concello exercida por Letrado en procedemento xudicial

TOTAL: 198

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=201911226&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

3. TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO POR PARTE DE D. MANUEL MÉNDEZ VARELA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de decembro de 2019, do seguinte teor:

Pola Sra. Secretaria dáse conta da recepción no Concello da credencial expedida pola Xunta Electoral Central a favor do Concelleiro D. Manuel Méndez Varela por estar incluído na lista de candidatos, presentada polo Grupo de PP ás eleccións Locais de 26 de maio de 2019, en substitución e por renuncia de D. Miguel Angel García Miguens.

Así mesmo faise constar que presentou a correspondente declaración de causas de posible incompatibilidade e actividade e de bens patrimoniais.

Procede que o Sr. Méndez Varela xure ou prometa acatamento á Constitución coa finalidade de

tomar posesión do cargo de Concelleiro.

A Comisión queda sabedora.

A continuación, de conformidade co disposto no número 8 do artigo 108 da LOREX, o Sr. Concelleiro debe tomar posesión e para adquirir a plena condición do cargo de Concelleiro, debe xurar ou prometer acatamento á Constitución, segundo a fórmula seguinte: "xuro ou prometo pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de CONCELLEIRO/A con lealdade ó Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado".

Procédese a chamar ao Sr. Concelleiro para que realice a devandita promesa ou xuramento, efectuándoa segundo esta fórmula, empregando a seguinte expresión:

Xuro pola miña conciencia e honor cumprir fielmente as obrigas do cargo de CONCELLEIRO/A con lealdade ó Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado

O Sr. Alcalde faille entrega da medalla da Corporación e dalle a benvida.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=201911226&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non está presentadas ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=201911226&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 05/REC/2019 POR IMPORTE DE 26.623,26 €.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de decembro de

2019, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria da Alcaldía do teor seguinte:

De conformidade co establecido nos Artigos 26.2.C e 60.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, poderán aplicarse ós créditos do presuposto vixente as obrigas procedentes de exercicios anteriores, previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno Municipal.

Existen gastos procedentes de exercicios pechados que se encontran nas seguintes situacións:

- A práctica totalidade do expediente comprende xustificantes correspondentes a gastos ordinarios e correntes derivados do normal desenvolvemento dos servizos municipais que foron realizados no exercicio 2017 e 2018 pero que non foron presentadas polos provedores ata o exercicio 2019, unha vez excedido do prazo máximo de 30 días dende a prestación do servizo ou entrega do subministro.
- Xustificación presentada pola Fundación Fexdega, relativo os gastos realizados no 1º semestre de 2018 por importe de 24.467,35€.

Visto que, no orzamento vixente existe crédito suficiente ben nas aplicacións orzamentarias ben a nivel de bolsa de vinculación, nos termos indicados na relación de facturas anexa á providencia de alcaldía por importe de 26.623,26€.

Vistos os informes favorables á viabilidade orzamentaria emitidos polos órganos xestores responsables dos programas de gasto implicados no presente expediente.

Tendo en conta que esta alcaldía considera preceptivo proceder ao recoñecemento extraxudicial de créditos co fin de evitar o enriquecemento inxusto da Administración dado que se trata de servizos e subministracións efectivamente realizados en aras a evitar un prexuízo para os provedores, contratistas e demais acredores o tempo que se contribúe a acadar os obxectivos fiscais de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira marcados na LOEOSF 2/2012.

Logo de ver o Informe de Intervención obrante no expediente no que se manifesta a necesidade dun acordo plenario para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos N° 05/REC/2019 por importe de 26.623,26€ con cargo ás aplicacións orzamentarias especificadas na relación anexa á providencia de alcaldía, esta Alcaldía-Presidencia, somete á aprobación da Corporación Municipal, o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 05/REC/2019, das facturas e xustificantes comprendidos nas relación de OPAS N° D/2019/7 anexa á providencia de alcaldía, por un importe global de 26.623,26€ con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2019 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito nº 05/REC/2019, por importe de 26.623,26 €

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos N° 05/REC/2019,

das facturas e xustificantes comprendidos nas relación de OPAS N° D/2019/7 anexa á providencia de alcaldía, por un importe global de 26.623,26€ con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento do exercicio 2019 a favor dos acredores e contías individualizadas que figuran na citada relación e no Informe de Intervención.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=201911226&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS POLA LINGUA GALEGA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de decembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta de certificación do acordo da Asemblea Xeral Ordinaria da Asociación de Entidades Locais Pola Lingua Galega, celebrada o día 29 de outubro de 2019, no que se reflicte a aprobación por unanimidade da Modificación dos Estatutos da Asociación co fin de axustalos mellor á Lei de Asociacións e que poidan ser rexistrados no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia. No texto adxunto figuran os cambios introducidos así como a redacción final dos citados Estatutos.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da modificación dos Estatutos da Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a modificación dos Estatutos da Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega co fin de axustalos mellor á Lei de Asociacións e que poidan ser rexistrados no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=201911226&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONSULTA DE ESTRUTURA DE CUSTES A DIVERSAS EMPRESAS DO SECTOR, SOBRE OS SERVIZOS DE RECOLLIDA DE LIXO E LIMPEZA VIARIA, DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, COA FINALIDADE DE PROCEDER Á FUTURA LICITACIÓN. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de decembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do seguinte teor:

O Concello de Vilagarcía de Arousa atópase confeccionando os pregos que rexerán a licitación pública para a adxudicación do contrato de recollida de lixo e limpeza viaria deste Concello, no

momento no que se atopa é necesario realizar unha serie de trámites que a lexislación vixente de aplicación obriga para poder continuar avanzando nos citados pregos.

O Real Decreto 55/2017, de 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, de 30 de marzo de desindexación da economía española, en adiante R.D. 55/2017, supuxo un novo réxime xurídico da revisión de prezos dos contratos públicos, baseándose en principios de “referencia a custes” e “eficiencia e boa xestión empresarial”, co obxectivo da desindexación nos contratos do sector público ao Índice de Prezos de Consumo (IPC).

O citado principio de “referenciación a custes” supón que todo o réxime de revisión deberá tomar como referencia a estrutura de custes da actividade cuxo valor monetario é obxecto de revisión, ponderándose cada compoñente de custes en función ao seu peso relativo no valor íntegro de dita actividades, entendendo por tal un concepto que vai mais ala dos conceptos de custes totais, ao incluír non soamente a retribución dos bens intermedios, factores produtivos e capitais alleos, senón tamén a retribución aos capitais propios. En consecuencia, o valor íntegro da activade será o prezo do contrato.

Conforme ao citado principio de “eficiencia e boa xestión empresarial”, os réximes de revisión unicamente poderán incluír as variación de custes que non estean sometidos ao control do operador económico e a estrutura de custes que todo réxime de revisión debe tomar como referencia, debe ser á correspondente a unha empresa eficiente e ben xestionada.

O artigo 9 do R.D. 55/2017, regula a revisión periódica e predeterminada de prezos en contratos do sector público distintos aos contratos de obras e aos contratos de subministro de fabricación de armamento e equipamento das Administracións Públicas. Cando non existe unha fórmula de revisión aprobada polo Consello de Ministros, o órgano de Contratación deberá xustificar o cumprimento do principio de eficiencia e boa xestión empresarial e a tales efectos o apartado 7 do citado artigo 9 establece que para os contratos con orzamento igual ou superior a cinco millóns de euros, o órgano de contratación incluíra no expediente de contratación un informe preceptivo valorativo da estrutura de custes, emitido, no caso da Comunidade Autónoma Galega, pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia. A tales efectos o órgano de contratación deberá:

1. Solicitar a cinco operadores económicos do sector a remisión da súa estrutura de custes.
2. Elaborar unha proposta de estrutura de custes da actividade. Para elo utilizará, sempre que sexa posible, a información das respostas que reciba dos operadores económicos mencionados na letra anterior
3. Someter a proposta da estrutura de custes sinalada no apartado anterior a un trámite de información pública por un prazo de 20 días. No caso de que se presente alegacións en dito trámite, o órgano de contratación deberá valorar a súa aceptación ou rexeitamento de forma motivada na memoria
4. Remitir o Concello a súa proposta de estrutura de custes á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia para a emisión do informe preceptivo a que se refire o artigo 9.7 in fine do RD 55/2017 antes citado.

O prezo de licitación do contrato de referencia estímase superior aos 5.000.0000€ (IVE excluído) aos que fai referencia o citado artigo 9.7 do R.D. 55/2017, sendo o órgano de contratación o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Visto o que antecede, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, na súa condición de órgano de contratación do contrato de recollida de lixo e limpeza viaria do Concello de Vilagarcía de

Arousa, a adopción do seguinte acordo:

- 1.- O Concello solicitará aos seguintes operadores económicos a súa estrutura de custes, axustada á desagregación que figura no Anexo I desta proposta, aos efectos do contrato de Recollida de lixo e limpeza viaria do concello de Vilagarcía de Arousa: Acciona, S.A.; Fomento de Contruccion y Contratas, S.A.; Ferrovial, S.A. Urbaser, S.A. : Valoriza, S.A.; Geseco Residuos, S.L.; Ascan Servicios Urbanos, S.A; Orthem, Servicios y Actuaciones Medioambientales, S.A.U; Cogami Reciclado de Galicia, S.L. (Coregal); Audeca, S.L. (grupo Elecnor).
- 2.- O Concello elaborará unha proposta de estrutura de custes da actividade, utilizando, sempre que sexa posible, a información das respostas que se reciban dos operadores económicos mencionados na letra anterior.
- 3.- O Concello someterá a proposta da estrutura de custes sinalada no apartado anterior a un trámite de información pública por un prazo de 20 días. No caso de que se presente alegacións en dito trámite, o órgano de contratación deberá valorar a súa aceptación ou rexeitamento de forma motivada na memoria.
- 4.- O Concello remitirá a súa proposta de estrutura de custes á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia para a emisión do informe preceptivo a que se refire o artigo 9.7 in fine do RD 55/2017 antes citado.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE e Ciudadanos informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG e Vilagarcía en Común din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Consulta de estrutura de custes a diversas empresas do sector, sobre os servizos de recollida de lixo e limpeza viaria, do Concello De Vilagarcía De Arousa, coa finalidade de proceder á futura licitación.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dezaoto votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (11), PP (5), BNG (1) e Ciudadanos (1), e un voto en contra, do Concelleiro pertencente ao grupo político municipal de Vilagarcía en Común.

ACÓRDASE: Por Maioría a aprobación da consulta de estrutura de custes a diversas empresas do sector, sobre os servizos de recollida de lixo e limpeza viaria, do Concello de Vilagarcía de Arousa, coa finalidade de proceder á futura licitación e:

- 1.- Solicitar aos seguintes operadores económicos a súa estrutura de custes, axustada á desagregación que figura no Anexo I desta proposta, aos efectos do contrato de Recollida de lixo e limpeza viaria do concello de Vilagarcía de Arousa: Acciona, S.A.; Fomento de Contruccion y Contratas, S.A.; Ferrovial, S.A. Urbaser, S.A. : Valoriza, S.A.; Geseco Residuos, S.L.; Ascan Servicios Urbanos, S.A; Orthem, Servicios y Actuaciones Medioambientales, S.A.U; Cogami Reciclado de Galicia, S.L. (Coregal); Audeca, S.L. (grupo Elecnor).
- 2.- Elaborar unha proposta de estrutura de custes da actividade, utilizando, sempre que sexa posible, a información das respostas que se reciban dos operadores económicos mencionados na letra anterior.
- 3.- Someter proposta da estrutura de custes sinalada no apartado anterior a un trámite de

información pública por un prazo de 20 días. No caso de que se presente alegacións en dito trámite, o órgano de contratación deberá valorar a súa aceptación ou rexeitamento de forma motivada na memoria.

4.- Remitir a súa proposta de estrutura de custes á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia para a emisión do informe preceptivo a que se refire o artigo 9.7 in fine do RD 55/2017 antes citado.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=201911226&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PRÓRROGA DO III PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA.- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de decembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Concelleira de Igualdade, do seguinte teor:

O Actual Plan de Igualdade aprobouse en Pleno o 2 de maio de 2016 cunha previsión de execución de catro anos, ata 2019.

A aprobación deste III Plan coincidiu con distintas ILT de larga duración de persoal da área o que sin dúbida ten influído no cumprimento dos prazos de execución.

Engadimos a isto o feito de que neste último ano 2019, houbo que adicar un esforzo adicional para executar os fondos correspondentes ao 2018 e 2019 provintes do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, que non tiñamos previsto ao comezo do ano.

Por todo isto solicítase do Pleno Municipal á prórroga dun ano, ampliable a dous para levar a cabo as tarefas de avaliación do III Plan de Igualdade e redacción do IV Plan de Igualdade Municipal.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PP, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da prórroga do III Plan de igualdade do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE:Aprobar a prórroga do III Plan de Igualdade do Concello de Vilagarcía de Arousa por un ano, ampliable a dous para levar a cabo as tarefas de avaliación do III Plan de Igualdade e Redacción do IV Plan de Igualdade Municipal.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=201911226&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DA MEDALLA DA CIDADE, NA

CATEGORÍA DE MEDALLA DE OURO, Á EMPRESA ARRENDAMIENTOS GRUPO DE EMPRESAS REY SL (FUNDICIONES REY).- Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de decembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data 22 de novembro de 2019, así como da Proposta da Instructora do do expediente, do seguinte teor:

Asunto: concesión da medalla da cidade, na categoría de medalla de ouro, á empresa Arrendamientos Grupo de Empresas Rey S.L. (Fundiciones Rey)

Xuíza instructora: Dona Alba Briones Gamarra

Co fin de dar cumprimento á resolución de alcaldía do 21 de novembro de 2019, inicio o expediente para concesión da medalla da cidade, na categoría de medalla de ouro á empresa “Fundiciones Rey”, no que se detallan os méritos e motivos a tal fin.

Exposición de méritos e motivos

A empresa vilagarcía Arrendamientos Grupo de Empresas Rey S.L., coñecida socialmente como “Fundiciones Rey”, ten á súa orixe e fundación en 1944, conmemorándose no presente ano o seu 75 aniversario.

O promotor da nova empresa de función que albergaría Vilagarcía foi Ramón Rey Goldar. Traballador da desaparecida fábrica de Alemparte, deixou esta fundición para constituir o seu propio taller, tendo o súa primeira localización na actual rúa Ramón Cabanillas (Ver anexo 1).

En orixe a empresa denominouse Fundiciones San Roque –clara referencia a toponimia da zona onde se situaba o taller-, orientada á fabricación de pezas de pequena escala. Nestes momentos, a empresa contaba con seis traballadores e contaba cunha capacidade de produción do forno que alcanzan os 400kg/h.

Co paso do tempo, a empresa vai consolidándose –non sen sobressaltos- e ampliando a variedade de produtos realizados. Así ata que en 1960, comezan os trámites para trasladar as instalacións a unha nova localización: A Caneda (Ver anexo 2). É preciso destacar as características históricas que reúne este barrio: de norte a sur temos a primeira fábrica da se ten constancia en Vilagarcía, datada a finais do século XVIII, nos terreos do pazo de Artime; a continuación, unha das empresas máis recoñecidas da cidade, como foi a antiga Lantero, hoxe DS Smith; e, a finalmente, a hoxe denominada “Fundiciones Rey”.

Conseguida a licencia no ano 1964, estableceuse un taller con dúas nave diferenciadas e especializadas. Deste xeito, na nave leste situábase a fundición, mentras que a do oeste acollía o mecanizado das pezas que saíran da fundición. Coa ampliación conseguiron aumentar a produción, acadando os 1.000 kg/h e ampliando tamén a capacidade para producir pezas, alcanzando o peso máximo os 500kg.

Tras o falecemento de Ramón Rey Goldar en 1966, serán os seus descendentes quen continúen á fronte da empresa. Aínda que existe unha mención a “Fundiciones Rey” en El Pueblo Gallego en 1972, o certo é que o cambio de denominación da empresa darase no ano 1976, como así se recolle na publicación que se emprega para este estudo e que analiza a historia da empresa, titulada “Fundiciones Rey 1944-2019. 75 aniversario”.

O terceiro momento da fundición prodúcese co traslado á actual localización en Ande, Rubiáns. Proxectada desde finais dos anos 70 do pasado século non se materializará ata unha década máis tarde. As novas instalacións permitiránlle á fundición dar un paulatino salto na capacidade de produción, podendo realizar na actualidade pezas de ata 8.000kg.

Paralelamente, compre salientar a especial vinculación que mantivo a fundición co mundo do arte, participando na creación física de distintas e diversas obras de artistas galegos contemporáneos,

como Francisco Leiro, Leopoldo Nóvoa ou Manolo Paz, entre outros. Unha creación, partindo da configuración que autor idea, que se materializa nas naves de Fundiciones Rey e que lle proporciona ao espazo no que se localiza a obra un carácter propio e característico, convertindo ao espazo en recoñecible, icónico (ver anexo 3).

No mesmo sentido, a participación de Fundiciones Rey no ornamento das cidades, a través do mobiliario urbano, é destacado, como o caso da cidade da Coruña, resultando dificultoso non atoparse polas súas rúas con algunha peza que non fose fundida nos seus talleres. Faroís, fontes, tapas, bolardos, enreixados, bancos e ata o palco da música saíron da nosa cidade(ver anexo 4) .

Consideracións finais

Arrendamientos Grupo de Empresas Rey S.L., Fundiciones Rey, e unha empresa que herdou e mantén a tradición da siderurxia da que a nosa cidade foi un foco importante na Galicia de finais do século XIX e primeiro terzo do XX -coa presenza de Fundiciones de hierro del Carril, Fundiciones San Jaime, Alemparte ou a Atlántica, entre outras-, significando unha puxanza industrial destacada, e á que Fundiciones Rey continúa aportando e formando parte da historia industrial de Vilagarcía.

A historia da fundición ten unha mención especial, a arte. Fundiciones Rey posee un valor engadido, extraordinario e diferencial: a súa relación e participación no proceso de materialización do pensamento e proxectos creativos de artistas galegos distinguidos e internacionalmente coñecidos, como Leopoldo Nóvoa, César Lombera, Manolo Chazo ou Francisco Leiro, cuxa arte puidemos desfrutar na nosa cidade recentemente coa exposición “Fundiciones Rey, 75 anos de traballo e sensibilidade” que recollía pezas do fondo da galería da empresa. Ademais, contribuíu ao embelcemento de importantes cidades, a través do deseño do seu mobiliario urbano, como o caso xa mencionado da Coruña.

Por outra banda, o compromiso de Fundiciones Rey e a súa relación co medio xeográfico que a veu nacer, Vilagarcía de Arousa, é notorio, mantendo a súa produción e industria na mesma cidade e, sobre todo, tendo en conta o panorama económico internacional, tendente á concentración da actividade sectorial nas grandes firmas. Sirvan de exemplos os seus 5.500 metros cadrados que alcanzan as súas instalacións, un volume de traballo que chega ás 4.600 toneladas/ano e a media centena de traballadores que ten a industria. É, polo tanto, un exemplo de fortaleza e resistencia dunha das empresas de maior arraigo e antigüidade da nosa cidade.

É o éxito dunha empresa, fundamentado no tesón e traballo diario dunha familia que converteu un apelido -Rey- nunha industria de referencia. Unha fundición que pasou por momentos económicos distintos, tres localizacións, catro xeracións e os 75 anos de existencia que cumpren neste 2019 dan boa conta diso.

Porén, polo seu contrastado e demostrado compromiso cultural, familiar e a contribución e referencia desta á historia, arte, industria e economía da nosa cidade, en recoñecemento dos seus 75 anos de existencia, ao abeiro do establecido no Regulamento de Honras e Distincións do noso Concello, nos títulos primeiro e segundo, propoño:

- Outorgar a Fundiciones Rey a máxima distinción da cidade, concedéndolle a Medalla de Ouro.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE e PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente outorgar a Fundiciones Rey a máxima distinción da Cidade, concedéndolle a Medalla de Ouro.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE:Outorgar á Empresa Arrendamientos Grupo de Empresas Rey SL (Fundiciones Rey) a máxima distinción da Cidade, concedéndolle a Medalla da Cidade, na súa categoría de Medalla de Ouro.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=201911226&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP, EN DEFENSA DA PERMANENCIA DO CUARTEL DA GARDA CIVIL EN VILAGARCÍA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de decembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP coa data de 17 de decembro de 2019, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 26 de decembro de 2019 a seguinte MOCIÓN:

“Defensa da permanencia do Cuartel da Garda Civil en Vilagarcía”

EXPOÑEN

O Partido Popular de Vilagarcía defende a innegable necesidade de que o Cuartel da Garda Civil permaneza na cidade por ser un servizo cidadá vital e unha infraestrutura necesaria para seguir medrando como sociedade. O modelo de cidade non pode ir encamiñado a prescindir de infraestruturas que reportan calidade de vida e seguridade ós veciños, pero os últimos movementos feitos desde o Goberno Central poñen contra as cordas ós axentes, ás súas familias e a toda a cidadanía vilagarcíá, que por unha decisión política do goberno socialista, vai quedar sen un servizo tan ben valorado e tan necesario coma este.

Sorprende enormemente a pasividade dos que hai poucos meses anunciaban unha partida de investimento de 2,8 millóns de euros para a construción dun novo edificio que albergaría o futuro Cuartel. Aquel anuncio puramente electoralista de abril de 2019 é hoxe papel mollado e unha falta de respecto ós profesionais do corpo armado e a toda Vilagarcía, xa que non só non se vai levar a cabo, senón que será Cambados a que conte cunha nova infraestrutura por valor de máis do dobre de inversión (arredor dos 6 millóns de euros).

É inconcebible que unha vila con moita menos poboación e servizos vaia ser a sede dun acuartelamento que tería que permanecer en Vilagarcía, como candidata a volver a oitava cidade de Galicia en poboación, a terceira en importancia na provincia e a cabeceira da comarca do Salnés.

O labor dos axentes da Garda Civil en Vilagarcía é ben coñecido e enormemente valorado polos cidadáns. A súa división do Seprona foi a pioneira en toda España en lograr unha condea no uso das trancas dos cabalos en Xiabre. Houbo actuacións recoñecidas que salvaron vidas ó evitar afogamentos, innumerables actos de loita contra o narcotráfico, na seguridade cidadá, en materia

de loita contra a violencia de xénero contra as mulleres, na intervención de armas, no traballo de formación a outros corpos e no seu traballo conxunto, ou no ámbito fiscal e fronteiras. En definitiva, foron, son e seguirán sendo un garante para toda a cidadanía, que estamos a piques de perder por culpa dos plans do Goberno Central.

Medio centenar de familias viven desde hai anos en Vilagarcía gracias á presenza dos axentes da Garda Civil. Moitos deles non naceron nesta cidade pero sí residen e formaron familia aquí. Con esta decisión de desmantelar o Cuartel, ese volumen de veciños marchará e con eles un servizo clave para esta cidade.

Vilagarcía, foi no anterior mandato, coñecida e recoñecida como a cidade con maior taxa de criminalidade de toda Galicia baixo o mando do PSOE. A xestión dos recursos de seguridade cidadá para facer fronte a esta alarmante cifra non pode, baixo ningún concepto, pasar por ese desmantelamento anunciado polos socialistas. Por desgraza, no presente mandato a situación empeorará e agora Vilagarcía tamén é tristemente coñecida por ser unha das primeiras cidades españolas que ostentando un servizo consolidado vai quedar sen el.

O que tampouco é de recibo é que se intente vender á opinión pública un suposto reforzo dos servizo fiscal e de fronteiras a cambio de eliminar un Cuartel como o de Vilagarcía. Este tipo de parches non evitan a situación de desprotección da cidadanía e a lóxica merma do servizo no día a día na cidade.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PP de Vilagarcía de Arousa,

SOLICITA

- Instar ó Goberno Central a que rectifique, de maneira inmediata, o seu plan de desmantelar o Cuartel da Guardia Civil de Vilagarcía para trasladalo a Cambados.
- Esixir do Goberno Central unha partida específica nos vindeiros Orzamentos Xerais do Estado para a construción dun novo Cuartel nesta cidade.
- Instar á Mancomunidade do Salnés, á FEGAMP, á Deputación Provincial de Pontevedra e á Xunta de Galicia a que reclamen do Goberno Central a construción deste novo acuartelamento en Vilagarcía.
- Instar ó goberno local de Vilagarcía a que poña todos os medios que teña ó seu alcance para que esta cidade non perda un servizo esencial como o Cuartel da Garda Civil.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, BNG, Vilagarcía en Común e Ciudadanos din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo Político Municipal do PP en defensa da permanencia do Cuartel da Garda Civil en Vilagarcía.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con seis votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (5) e Ciudadanos (1), dúas abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do BNG (1) e Vilagarcía en Común (1), e once votos en contra, dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PSG-PSOE (11),

ACÓRDASE: Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do PP en

defensa da permanencia do Cuartel da Garda Civil en Vilagarcía.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=201911226&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE CIUDADANOS, CO OBXECTIVO DE CAMIÑAR CARA UNHA VILAGARCÍA PET FRIENDLY. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas de data 23 de decembro de 2019, do seguinte teor:

Dáse conta da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de Ciudadanos coa data de 18 de decembro de 2019, do seguinte teor:

O GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS VILAGARCÍA

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN :

Ó longo da historia, as relacións entre humanos e animais seguen achegándose día a día. Ter unha mascota aporta grandes beneficios psicolóxicos, fisiolóxicos, terapéuticos, entre outros. Moitos donos consideran ás súas mascotas como un membro máis da súa familia, polo que é normal que desexen viaxar cos seus fieis amigos.

Segundo un estudo feito polo consultor David Mora, 9 de cada 10 donos de cans en España fan a lo menos un viaxe turístico ó ano con eles. Se temos en conta que no noso país hay 5.400.000 cans censados según datos aportados pola Asociación Nacional de Fabricantes de Alimentos para Animales de Compañía estamos a falar dunha gran oportunidade de mercado.

É por iso que xurde o turismo pet friendly ou amigable coas mascotas, facendo que viaxar con elas sexa unha realidade totalmente accesible, con establecementos dispostos a abrir as súas portas a este sector. Trátase dunha gran oportunidade de mercado para diversos establecementos de hostelería, para moitas empresas para medrar e expandir os seus servizos e como non, para o noso municipio de captar un turismo en auxe. De feito os principais buscadores de internet inclúen a opción de “admiten mascotas”, ben sexa para xantar, tomar algo ou durmir.

Según recentes estimacións recollidas pola prensa local, un viaxeiro que fai turismo coa súa mascota deixa de media 14 euros de gasto máis por día.

Para lograr que un municipio sexa Pet Friendly é preciso actuar dende a Administración Pública dotándoo de espazos para o esparcemento canino en diferentes puntos para que poidan correr libres, con xogos, fontes adaptadas para os cans... Tamén é preciso implicar ós diferentes locais de ocio, facéndoos coñecedores do nicho de mercado existente e dándolles o impulso que os anime a dar o paso de admitir mascotas. Temos o exemplo próximo de O Grove, en donde se están a adherir moitos locais de hostelería conscientes do mercado que xera este tipo de turismo. Pero non só para o turista, Vilagarcía ten censados case 8.000 cans, i estas medidas irían en beneficio dos propios veciños.

Pola outra banda están os comportamentos incívicos de quen non recolle as deposicións dos seus animais na rúa, ante o que hai que actuar con contundencia.

Por todo isto, dende o Grupo Municipal de Ciudadanos facemos a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

A. Camiñar cara unha Vilagarcía Pet Friendly adoptando as medidas que seguen:

1. Xestionar dende o Concello ante Costas a autorización para dotar dun espazo con xogos para os cans pegado ó regato da Tripeira, na praia da Concha.
2. Dotar de Espazos para o esparcemento canino ó longo da cidade con fontes axeitadas para o consumo dos animais.
3. Crear o programa VILAGARCÍA PET FRIENDLY, orientado a fomentar un turismo en alza como é o da xente que quere viaxar coas súas mascotas, dándolle espazo na web de turismo do concello, e no que se vaian anunciando os espazos para cans que se vaian abrindo na nosa cidade. (Actualmente incluíriase a Praia do Castelete en Vilaxoan, ou recinto do entorno de Fexdega, pero debemos facer medrar esta oferta)
4. Ofertar á iniciativa privada a posibilidade de anunciarse publicitariamente de xeito gratuito dentro da web de turismo do concello como locais e aloxamentos do programa VILAGARCÍA PET FRIENDLY no caso de adherirse.

B. Camiñar cara unha convivencia máis cívica:

1. Inciciar unha nova campaña con cartelería nos puntos máis conflictivos da cidade para concienciar sobre a obrigatoriedade de recoller as deposicións dos animais de compañía, indicando as sancións en caso de incumplimento, que segundo o regulamento da Xunta van de 100 a 500 euros.
2. Dar instrucións á policía local para que procedan á sancionar no caso de incumplimento destas obrigas por parte dos donos.
3. Dotar de pequenos espazos en diversos parques da cidade para que os animais fagan ahí as súas necesidades, limitando as áreas de limpeza de orines. (A valorar crear espazos nas Pistas, Matosinhos, Xunqueira, Parque da Coca, Doctor Fleming, Miguel Hernández...)
4. Redactar unha declaración institucional entre todos os grupos políticos municipais posicionándonos decididamente como Concello en contra do maltrato animal e enfocando a Vilagarcía como cidade amiga dos animais.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo municipal de Ciudadanos informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e Vilagarcía en Común din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Moción presentada polo Grupo Político Municipal de Ciudadanos, co obxectivo de camiñar cara unha Vilagarcía Pet Friendly (Cidade amiga dos animais)

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE:Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de Ciudadanos co obxectivo de camiñar cara unha Vilagarcía Pet Friendly e adoptar as seguintes medidas:

1. Xestionar dende o Concello ante Costas a autorización para dotar dun espazo con xogos para os cans pegado ó regato da Tripeira, na praia da Concha.
2. Dotar de Espazos para o esparcemento canino ó longo da cidade con fontes axeitadas para o

consumo dos animais.

3. Crear o programa VILAGARCÍA PET FRIENDLY, orientado a fomentar un turismo en alza como é o da xente que quere viaxar coas súas mascotas, dándolle espacio na web de turismo do concello, e no que se vaian anunciando os espazos para cans que se vaian abrindo na nosa cidade. (Actualmente incluíriase a Praia do Castelete en Vilaxoan, ou recinto do entorno de Fexdega, pero debemos facer medrar esta oferta)

4. Ofertar á iniciativa privada a posibilidade de anunciarse publicitariamente de xeito gratuito dentro da web de turismo do concello como locais e aloxamentos do programa VILAGARCÍA PET FRIENDLY no caso de adherirse.

B. Camiñar cara unha convivencia máis cívica:

1. Inciciar unha nova campaña con cartelería nos puntos máis conflictivos da cidade para concienciar sobre a obrigabilidade de recoller as deposicións dos animais de compañía, indicando as sancións en caso de incumplimento, que segundo o regulamento da Xunta van de 100 a 500 euros.

2. Dar instrucións á policía local para que procedan á sancionar no caso de incumplimento destas obrigas por parte dos donos.

3. Dotar de pequenos espazos en diversos parques da cidade para que os animais fagan ahí as súas necesidades, limitando as áreas de limpeza de orines. (A valorar crear espazos nas Pistas, Matosinhos, Xunqueira, Parque da Coca, Doctor Fleming, Miguel Hernández...)

4. Redactar unha declaración institucional entre todos os grupos políticos municipais posicionándonos decididamente como Concello en contra do maltrato animal e enfocando a Vilagarcía como cidade amiga dos animais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=201911226&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

12.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=201911226&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

13.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=201911226&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

14.- ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as formúlanse rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=201911226&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

15.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.

Por parte das persoas que asisten como público á sesión non se formulan rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=201911226&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 18:30 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.